

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO 21 DE XUÑO DE 2019

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
Dª María del Carmen Muño Filgueira.
D. Manuel Varela Mecías.
Dª María Amparo Calvo González.
D. Manuel Beceiro Couce.
Dª Ana Belén Breijo Gundín.
D. Tomás Calvo García.
Dª María Belén Trigo Meizoso.
Dª María Esther Díaz Vergara.
D. José Luis Hermida Prieto.
D. Lois Anxo Rodríguez Calvo.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día vinteun de xuño de dous mil dezanove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión de constitución da corporación, celebrada o día quince de xuño do presente ano dous mil dezanove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta.

A Sra. Díaz solicita varias correccións nesa acta, por un erro na hora de peche da sesión e pola forma de recoller algunhas cuestións da sesión constitutiva. Coas correccións correspondentes, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que literalmente di:

“ANTECEDENTES:

- a) *Visto o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) referente ao réxime de funcionamento do Pleno,*
- b) *Visto o artigo 21 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013).*

ARGUMENTACIÓN:

Tal e como recolle a normativa vixente, o Pleno do Concello é o órgano de máxima representación do municipio, onde se fai patente a distribución política saída das eleccións locais.

Ora ben, dende o Grupo de Goberno consideramos que a democracia non se pode cinguir a un proceso electoral que se fai cada 4 anos. Acreditamos, pola contra, na democracia participativa, onde os veciños e as veciñas poidan facer parte do funcionamento do seu Concello de forma máis directa e permanente.

Por este motivo, coidamos que o Pleno, ademais de recoller o normal debate político, tamén debe dar pé á participación da cidadanía. Neste senso tanto o Regulamento orgánico e de funcionamento, como o Regulamento de participación veciñal promoven que a cidadanía asista e participe no Pleno municipal.

Por estes motivos, o Grupo de Goberno considera que é imprescindible que os plenos municipais se celebren en horarios nos que as veciñas e os veciños teñan máis posibilidades para asistiren.

Neste senso, faise preciso modificar tamén o Regulamento orgánico, para adaptalo á nova distribución das sesións plenarias.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. *As sesións ordinarias do Pleno do Concello serán seis ao ano, celebrándose o último xoves dos meses impares ás 19:30 horas. Se este coincidise en día inhábil, a sesión plenaria trasladarase ao seguinte xoves hábil.*
2. *Modificar o apartado primeiro do artigo 21 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013), que pasará a ter o seguinte contido:*

“Artigo 21.- Da periodicidade das sesións.

1.- O Pleno reúnese con carácter ordinario unha vez cada dous meses, celebrándose o último xoves dos meses impares ás 19:30 horas. Se este coincidise en día inhábil, a sesión plenaria trasladarase ao seguinte xoves hábil. A data concreta de celebración seralle comunicada aos

voceiros e voceiras con cinco días naturais de antelación á celebración da Comisión informativa correspondente.

...”

A Sra. Trigo di que hai un erro no número do artigo ro ROF que se menciona na proposta, e que esto era o que proponía o seu grupo na anterior corporación, polo que considera apropiada a periodicidade que se propón

Sometido seguidamente o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

TERCEIRO.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E MESA DE CONTRATACIÓN.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que literalmente di:

“ANTECEDENTES:

- a) *Vista a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) no referente ao réxime de funcionamento do Concello,*
- b) *Visto o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, nomeadamente no referido aos órganos complementarios das Entidades locais,*
- c) *Visto o Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013),*
- d) *Visto o indicado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

ARGUMENTACIÓN:

O Goberno municipal considera que é preciso, tal e como o recolle a normativa citada, contar con comisións informativas, para que os temas de maior importancia poidan ser coñecidos, estudados e debatidos previamente por todos os grupos políticos con representación no Concello.

En todo caso, dado que o noso municipio é de pequeno tamaño e as temáticas complexas non son moi habituais, o Grupo de goberno coida que é suficiente crear dúas comisións informativas permanentes, relacionadas cos asuntos económicos e coa orde do día dos Plenos.

En todo caso, cómpre salientar que á parte destas comisións de carácter permanente, o Pleno pode constituír calquera outra comisión especial ou de investigación, cando haxa unha temática de importancia que non poida ser tratada nas comisións permanentes.

Por outra banda, tal e como establece a lexislación de contratos do sector público, é necesario crear unha Mesa de contratación permanente para dar asistencia aos órganos de contratación do Concello.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Tendo en conta a normativa vixente, e en aras de promover o debate político, créanse dúas comisións informativas permanentes:

- *A Comisión de Facenda e Especial de Contas*
- *A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno*

1. *A composición de cada unha das devanditas comisións será a establecida nos artigos 6 e 7 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño.*
2. *As competencias destas comisións serán as establecidas nos artigos 14 e 15 do Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño.*
3. *A Presidencia da Comisión de Facenda e Especial de Contas corresponderalle ao concelleiro Manuel Beceiro Couce.*
4. *A Presidencia da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno corresponderalle ao concelleiro Manuel Beceiro Couce.*
5. *Modificar a composición da Mesa de Contratación deste Concello, como consecuencia dos cambios de composición da Corporación tras a celebración das últimas eleccións locais. En consecuencia, a nova composición desa Mesa, será a seguinte:*

- o *Presidente: O concelleiro Manuel Beceiro Couce*
- o *Vogais:*
 - *Titular 1: A persoa que ostente a Secretaría-Intervención Xeral do Concello*
 - *Titular 2: Ana Isabel Gavín Merlán, bibliotecaria municipal, funcionaria do grupo A2*
- o *Secretaría: Mónica Cibreiro Caneiro, funcionaria de Administración Xeral do grupo C1*

1. *Poderán asistir ás sesións da Mesa de Contratación, sen voz e sen voto, as persoas que ostenten a portavocía dos grupos políticos municipais."*

O Sr. Rodríguez pregunta cando se fan habitualmente estas sesións, para ter unha idea sobre o funcionamento, e o Sr. Alcalde lle explica que a comisión de asuntos de pleno celebra sesións xeralmente as mesmas semanas nas que teñen lugar os plenos ordinarios, con anterioridade a estos.

A Sra. Díaz pregunta pola composición das comisións, que non ven na proposta, explicándiolle o Sr. Alcalde que para manter a proporcionalidade existente no Pleno, como manda a lei, terán tres

concelleiros do BNG, un do PP e un do PSOE, e os seus membros deben designarse tras a constituición dos grupos políticos.

Sometida seguidamente a votación esa proposta, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por maioría de oito votos favorables, con tres abstencions, dos concelleiros do PP, acorda aprobar a devandita proposta do grupo de goberno.

CUARTO.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN DA COMPETENCIA DO PLENO.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que literalmente di:

“ANTECEDENTES:

- a) *Vista a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) no referente á autonomía e á capacidade da Corporación para se organizar,*
- b) *Visto o Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013).*

ARGUMENTACIÓN:

No ánimo de colaborar e participar naqueles entes colexiados externos á Corporación municipal onde o Concello poida ou deba estar representado para defender os intereses do propio Concello ou da cidadanía, o Goberno municipal quere nomear ás persoas que van actuar como representantes do municipio.

Dado que nesta altura é obrigado que o Concello conte cunha persoa representante no Consello Escolar do C.P.I., é necesario facer a súa designación, así como unha delegación xenérica no Alcalde no caso de ter que nomear novos representantes en órganos colexiados externos.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- *Propor o nomeamento da concelleira Amparo Calvo González para representar ao Concello no Consello Escolar do C.P.I. de San Sadurniño.*
- *Propor o nomeamento da concelleira Ana Belén Breixo Gundín para representar ao Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.*
- *Ratificar ao Alcalde como representante da Corporación noutros órganos colexiados nos que o Concello teña representación, quen poderá delegar, mediante resolución da Alcaldía, noutro concelleiro ou concelleira da Corporación.”*

Sometido seguidamente o asunto a votación, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

QUINTO.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA COMISIÓN DE GOBERNO, SE DEBE EXISTIR, E PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS, ASÍ COMO DAS DELEGACIÓNS CONFERIDAS,

NO SEU CASO, POLA ALCALDÍA.

Dase conta da Resolución dictada pola Alcaldía relativa ó asunto, que literalmente di:

“ANTECEDENTES:

- a) Vista a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) referente á organización das Corporacións locais,*
- b) Vistos os artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro*
- c) Visto o Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013),*
- d) Dado que, en data do 15/06/2019, constituíuse a nova Corporación do Concello, polo que é preciso establecer a nova organización municipal.*

ARGUMENTACIÓN:

O Concello, logo das eleccións do 26 de maio de 2019, conta cun Grupo de Goberno que posúe a maioría absoluta na Corporación municipal, con 7 concelleiros e concelleiras.

De cara a dar forma ao novo Goberno municipal, esta Alcaldía entende que é necesario contar con tres Tenencias de Alcaldía, así como repartir as responsabilidades de goberno entre a propia Alcaldía e os outros seis concelleiros e concelleiras do Grupo de Goberno. Con isto preténdese un reparto de responsabilidades acaído ás necesidades do propio Concello, así como propiciar o achegamento do Goberno á cidadanía.

Por todo o antedito, no uso das miñas atribucións,

RESOLVO

- 1) Nomear os seguintes **Tenentes de Alcalde:**
 - a) *Primeiro Tenente de Alcalde: Manuel Varela Mecías*
 - b) *Segunda Tenente de Alcalde: Amparo Calvo González*
 - c) *Terceira Tenente de Alcalde: Ana Belén Breixo Gundín*
- 2) *A Corporación municipal contará coas seguintes **Áreas de Goberno:***
 - Alcaldía*
 - Concellaría de Desenvolvemento Local, Participación Veciñal e Xestión Interna*
 - Concellaría de Cultura, Educación e Coordinación de Programacións*
 - Concellaría de Infraestruturas e Urbanismo*
 - Concellaría de Servizos e Medio Ambiente*

- *Concellaría de Igualdade e Normalización Lingüística*

3) *As **responsabilidades e competencias** que exercerá cada área de goberno son as seguintes:*

a) ALCALDÍA:

Á Alcaldía correspóndelle a coordinación das diferentes áreas municipais e a dirección o control xenérico da xestión das distintas áreas de goberno.

Asemade, e de forma específica a Alcaldía xestionará:

- *A política de comunicación e relacións institucionais*
- *A xestión das políticas de calidade do Concello*
- *A contratación administrativa*
- *A xestión patrimonial do Concello, incluído o inventario de bens*
- *A xestión dos dereitos e obrigas, e a administración e defensa do patrimonio municipal*
- *A adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións urbanísticas*
- *A xestión estatística municipal*
- *As responsabilidades no ámbito da seguridade e a protección civil*
- *A xestión da Facenda municipal*
- *Os Servizos Sociais*
- *A política deportiva*

b) CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E RÉXIME INTERNO:

A Concellaría de Desenvolvemento Local, Participación Veciñal e Réxime Interno estará ocupada por Manuel Varela Mecías, abranguendo as seguintes funcións xenéricas:

- *Na área do desenvolvemento local e a promoción económica intégranse as políticas públicas tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local, o deseño de plans estratéxicos de desenvolvemento económico, a planificación económica, a fixación de obxectivos para a promoción de actividades económicas no Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e o fomento de actividades económicas a través da cooperación pública en plans e en xeral aquelas políticas públicas que propugnen e incentiven o desenvolvemento de sectores produtivos e de actividades económicas para un desenvolvemento axeitado da vida económica do municipio.*
- *Xestión das políticas de formación para a empregabilidade e os plans de formación con organismos públicos e empresas*

- *Xestión dos programas de voluntariado e cooperación*
- *Políticas de promoción do emprego, mellora da cualificación e inserción laboral*
- *A promoción, control e organización de feiras, mercados, e comercio*
- *As políticas de fomento do turismo local e de coordinación neste eido con outras Administración*
- *No eido da participación veciñal correspóndelle a xestión das políticas municipais de participación veciñal (fomento da participación do movemento asociativo, xestión e seguimento de subvencións e axudas económicas a entidades asociativas e impulso do Regulamento de Participación Veciñal e do funcionamento do Consello de Participación Veciñal) e xestión dos locais públicos utilizados ao efecto*
- *Na xestión do Réxime interno e do persoal correspóndelle os aspectos relativos á organización do Concello e aos métodos de traballo, a coordinación do funcionamento da Administración municipal e de todo o seu persoal, a axilización da tramitación de procedementos, así como a política de prevención de riscos e de saúde laboral*

c) CONCELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E COORDINACIÓN DE PROGRAMACIÓNS:

A Concellaría de Cultura, Educación e Coordinación de Programacións estará ocupada por Amparo Calvo González, abrangendo as seguintes funcións xenéricas:

- *Xestión dos servizos relacionados coa promoción e fomento da cultura, a arte, e a biblioteca; elaboración da programación cultural e xestión dos espazos dedicados a este eido, nomeadamente a Casa da Cultura e o Casa da Xuventude*
- *A promoción da participación da cidadanía no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións*
- *No ámbito do Ensino, ocuparase das relacións coa comunidade escolar, mantemento das infraestruturas municipais neste eido e relación coa Consellería de Educación e seguimento das políticas autonómicas con influencia no ensino da nosa localidade. Tamén a xestión de programas de promoción educativa*
- *Encargarase da preparación e aplicacións programas dirixidos á mocidade*
- *Exercerá a coordinación do resto das áreas municipais no referente á organización de eventos e actividades, de cara a acadar unha xestión eficiente e eficaz*

d) CONCELLARÍA DE INFRAESTRUTURAS E URBANISMO:

A Concellaría de Infraestruturas e Urbanismo estará ocupada por Manuel Beceiro Couce, abrangendo as seguintes funcións xenéricas:

- *Correspóndelle a planificación das obras municipais, a preparación dos plans de obras e a xestión e seguimento de proxectos de obras de nova planta*
- *Mantemento de relacións con outras Administracións na execución de plans e en materia de infraestruturas*

- *Xestión do mantemento de vías públicas*
- *Xestión e seguimento dos plans e programas de obras e infraestruturas provinciais e autonómicas*
- *No eido da Xestión Territorial ocuparase das competencias municipais na ordenación do territorio, así como das cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística e xestión urbanística en xeral*
- *Coordinará a redacción, xestión e execución do PXOM e do planeamento de desenvolvemento*

e) CONCELLARÍA DE SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE:

A Concellaría de Servizos Municipais estará ocupada por Tomás Calvo García, abrangendo as seguintes funcións xenéricas:

- *Xestión dos servizos básicos municipais: ciclo da auga, recollida de RSU e voluminosos, limpeza de vías públicas e alumado público*
- *Xestión do mantemento de vías públicas e infraestruturas (mobiliario, redes de servizos, sinalizacións, limpeza de vías...), así como a inspección e control de servizos públicos que se prestan a través de terceiros, o mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, e mais a conservación de edificios, instalacións e maquinaria municipais, e o subministro de todo o material de mantemento*
- *Xestión das políticas de sensibilización no ámbito do Medio Ambiente*
- *Xestión do persoal de obras e servizos*

f) CONCELLARÍA DE IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

A Concellaría de Igualdade estará ocupada por Ana Belén Breixo Gundín, abrangendo as seguintes funcións xenéricas:

- *Xestión integral e transversal da área de Igualdade*
- *Xestión dos programas de dinamización social e familiar: Aldea de Verán, Preescolar na casa, Tempos para Compartir, etc.*
- *Xestión das políticas municipais no ámbito da normalización efectiva da lingua galega*

4) Consonte o indicado no artigo 43-3 do ROF, a delegación de atribucións, facultades e competencias a prol dos concelleiros e concelleiras anteditos non comprenderá a facultade de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiras persoas, que, neste caso, prevese que corresponda á Xunta de Goberno Local ou á Alcaldía, e se exercitarán con sometemento ao réxime xeral previsto no referido ROF.

5) Ordenar que se notifique persoalmente o contido da presente Resolución ás persoas designadas, así como que se dea conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, e que se publique no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos legalmente procedentes e en cumprimento do disposto na normativa aplicable."

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta de que se trata

-

SEXTO.- ACORDOS RELATIVOS ÓS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO.

Dase conta dos escritos presentados polos integrantes das listas das tres formacións políticas que concorreron ás eleccións locais do pasado día 26 de maio, dentro do prazo legalmente establecido, comunicando a constitución dos grupos políticos municipais para a presente lexislatura, que serán os seguintes:

- Grupo político do BNG, cuxa voceira será María del Carmen Muiño Filgueira, e o suplente, Manuel Varela Mecías. Integra tamén este grupo o Alcalde, Secundino García Casal.
- Grupo político do PP, cuxa portavoz titular será María Belén Trigo Meizoso sendo primeira suplente María Esther Díaz Vergara e segundo duplene José Luis Hermida Prieto.
- Grupo político mixto, cuxo portavoz e único integrante será o concelleiro do PSOE Lois Anxo Rodríguez Calvo.

A Corporación queda enterada, tomando razón do exposto.

SÉTIMO.- ACORDOS RELATIVOS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que literalmente di:

“ANTECEDENTES:

- *Vista a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) referente á organización das Corporacións locais,*
- *Visto o Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013).*

ARGUMENTACIÓN:

Consonte o artigo 20.1.b) da Lei 7/1985, a Xunta de Goberno Local pode existir naqueles municipios cunha poboación inferior a 5.000 habitantes se así o dispón o seu regulamento orgánico ou o acorde o Pleno.

O Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello recolle como órgano básico de decisión a Xunta de Goberno Local.

Neste contexto, o Grupo de goberno considera que é necesario que o Concello conte, como xa viña sendo habitual, cun órgano de xestión e decisión como a Xunta de Goberno Local.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- O Pleno municipal acorda a constitución da Xunta de Goberno Local.*
- A Xunta de Goberno Local estará formada por catro membros:*

- a. *O Alcalde, que ostentaría a presidencia da Xunta*
- b. *As persoas que ocupen as tres tenencias de Alcaldía*
- c. *As Xuntas de Goberno Local celebraranse tres días ao mes, nomeadamente os días 1, 11 e 21, ou o día hábil inmediatamente posterior en caso de que fosen inhábiles."*

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta de que se trata.

OITAVO.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA ALCALDÍA E NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da proposta da Alcaldía, similar á vixente en anteriores mandatos da Corporación, que literalmente di:

"ANTECEDENTES:

- a) *Vista a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e nomeadamente o seu artigo 22.4*
- b) *Visto o Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Concello de San Sadurniño, aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo de 2013 (BOP nº 166 do 02/08/2013).*

ARGUMENTACIÓN:

O Goberno municipal, coa finalidade de axilizar a adopción de acordos sobre diferentes materias, considera que se debe manterse a delegación de competencias plenarias a prol da Alcaldía e da Xunta de Goberno Local, tal e como se viña facendo en anteriores mandatos.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno municipal acorda delegar na Alcaldía e na Xunta de Goberno Local as competencias reseñadas nas letras j), k), ñ), e q) do apartado 2 do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta de que se trata.

NOVENO.- ACORDOS SOBRE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA (E INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS).

Dase conta da proposta da Alcaldía, que literalmente di:

"ANTECEDENTES:

- *Vista a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) referente á organización das Corporacións locais,*

ARGUMENTACIÓN:

De cara a compensar economicamente a dedicación parcial dos cargos políticos que teñan unha maior implicación no desenvolvemento do traballo político no Concello, é necesario determinar cales serán os representantes que gocen desta dedicación.

Neste mandato propónse que as cantidades económicas que reciban como compensación se manteñan nas mesmas ca no mandato precedente.

Asemade, é preciso regular a compensación económica por asistencia ao Pleno, que tamén se manterá na mesma cantidade ca no anterior mandato.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- a) *O Pleno municipal acorda a existencia de dúas dedicacións parciais entre os cargos políticos do Concello:*
 - a. *O Alcalde*
 - b. *O Concelleiro de Servizos e Medio Ambiente*
- b) *As retribucións económicas que percibirán por esta dedicación parcial serán as seguintes:*
 - a. *O Alcalde: 1.500,00 euros brutos mensuais*
 - b. *O Concelleiro de Servizos e Medio Ambiente: 1.200,00 euros brutos mensuais*
- c) *Polo referido ás indemnizacións por asistencia ás sesións da Corporación por parte dos concelleiros e concelleiras, percibiranse as seguintes cantidades:*
 - a. *Por asistencia ao Pleno: 60,00 euros por asistencia*
 - b. *Por asistencia ás Comisións informativas: 60,00 euros por asistencia*
 - c. *Por asistencia á Xunta de Goberno Local: 200,00 euros por asistencia."*

A Sra. Díaz toma a palabra para indicar que no mandato anterior había dúas dedicacións parciais par dúas mulleres, que cobraban 600 euros cada unha, mentres que agora hai unha, ocupada por un home, que cobrará 1.200; solicita unha explicación desta diferenza, e que se explique o plan de traballo e dedicación das persoas que desempeñarán cargos con dedicación, as horas de traballo, os horarios de consultas cos veciños, ou o reparto de terefas entre os titulares das diferentes concellerías.

O Sr. Alcalde resposta que é moi fácil facer demagogia con estas propostas, pero que a proposta re-

colle o que a lei permite nun concello como este, e supón moito menos que cando gobernaba o PP, que gastaba 57.000 euros en dedicacións, e sen mulleres na corporación. Non se trata dunha cuestión de homes ou de mulleres, senon da dedicación, que será moito máis que media xornada, porque desde as sete da mañá se traballa atendendo telefónicamente a veciños.

A Sra. Muiño interven para solicitar que non se utilicen de maneira oportunista cuestións de xénero, xa que os principios de funcionamento do Concello respontan únidamente a cuestións de carácter organizativo.

A Sra. Díaz insiste en que lle parece unha desigualdade que exista tanta diferenza retributiva para a mesma dedicación.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP e unha abstención do do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación á referida proposta do grupo de goberno.

DÉCIMO.- ACORDOS SOBRE RECEPCIÓN DE NOTIFICACIÓNS E CONVOCATORIAS.

Dase conta dunha proposta para axilizar e facilitar a comunicación ós concelleiros das convocatorias de sesións de órganos colexiados e outros asuntos que deban coñecer para o desempeño dos seus cargos, mediante a utilización do correo electrónico. Redactouse a tal finalidade pola Secretaría-Intervención un documento de autorización que asinarían cada un deles, cuxo contido é o seguinte:

*“MANIFESTACIÓN DE CONFORMIDADE PARA A RECEPCIÓN
POR CORREO ELECTRÓNICO DE CONVOCATORIAS E NOTIFICACIÓNS*

Dª/D. _____, con D.N.I. _____, na miña calidade de Concelleiro/a e membro da Corporación Municipal do Concello de San Sadurniño, mediante o presente manifesto a miña conformidade para a utilización por parte dos órganos competentes do Concello do correo electrónico para facerme chegar as convocatorias e actas dos órganos colexiados de goberno e de informe e asesoramento dos que forme parte, así como as notificacións que deba recibir no exercicio das miñas funcións como Concelleiro/a, coa finalidade de axilizar e simplificar eses trámites, segundo o acordado polo Pleno do Concello na sesión celebrada nesta mesma data.

Para acreditar a recepción destas comunicacións e a súa data, tamén estou conforme coa utilización dos acuses de recibo integrados nos programas de correo electrónico que se utilicen para estes envíos.

A miña dirección de correo electrónico para estes efectos será a seguinte:

San Sadurniño, 21 de xuño de 2019.”

O Sr. Rodríguez di que sería conveniente tratar de reducir ao máximo o consumo de papel, e que se envíe en soporte dixital tanta documentación sexa posible.

A Sra. Díaz solicita que se trata de facer as notificacións polo TeDEC, o programa informático que se

utiliza para a tramitación dalgúns expedientes.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda aceptar esta proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e catorce minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,